

GETTING STARTED

Present Simple		
FORM		
Affirmative I / You go He / She / It goes We / You / They go	Negative I / You do not (don't) go He / She / It does not (doesn't) go We / You / They do not (don't) go	Interrogative Do I / you go ? Does he / she / it go ? Do we / you / they go ?
Uses	Examples	Adverbs of frequency / Time expressions
A regular habit or routine	<i>I go to work by bus.</i> (Eu vou traballar en bus.)	always, usually, generally, regularly, occasionally, frequently, often, sometimes, rarely, seldom, never at 1 o'clock, at night, in the morning, on Fridays, every week, once a month, how often ...?
A general truth or scientific fact	<i>The sun is a star.</i> (O sol é unha estrela.)	
Stative verbs	<i>I don't feel well.</i> (Non me sinto ben.)	

Present Continuous		
FORM		
Affirmative I am asking You are asking He / She / It is asking We / You / They are asking	Negative I am (I'm) not asking You are not (aren't) asking He / She / It is not (isn't) asking We / You / They are not (aren't) asking	Interrogative Am I asking ? Are you asking ? Is he / she / it asking ? Are we / you / they asking ?
Uses	Examples	Time expressions
An action which is happening now	<i>She is listening to the radio right now.</i> (Ela está a escoitar a radio arestora.)	now, right now, at the moment
A temporary action	<i>Greg is installing new software today.</i> (Hoxe Greg está a instalar novo software.)	this year, at present, today, these days, this month
A definite plan for the near future	<i>They are having fish and chips tonight.</i> (Esta noite van tomar fish and chips.)	this evening, tonight, tomorrow, next Friday / week / year

Stative Verbs

Indican un estado máis que unha acción e adoitan empregarse en *Present Simple*. Están relacionados con:

- as emocións e os sentimentos (**dislike, enjoy, hate, hope, like, love, prefer, want**),
- o pensamento e a opinión (**believe, forget, guess, know, remember, think, understand**),
- a percepción e os sentidos (**feel, hear, see, smell, sound, taste, touch**),
- os prezos e as medidas (**cost, measure, weigh**) e
- a pertenza (**belong, have, own**).

Algúns indican tanto estado como actividade e poden empregarse en *Present Simple* e en *Present Continuous*.

They think the basketball player is young.

(Eles cren que o xogador de baloncesto é novo.) [estado]

Tim is thinking about buying a new car.

(Tim está a pensar en mercar un coche novo.) [actividade]

O verbo **see** en *Present Continuous* indica unha acción futura fixada de antemán.

We are seeing our grandparents tomorrow.

(Veremos / Imos ver aos nosos avós mañá.) [Xa quedamos.]

Past Simple		
FORM		
Affirmative I / You worked He / She / It worked We / You / They worked	Negative I / You did not (didn't) work He / She / It did not (didn't) work We / You / They did not (didn't) work	Interrogative Did I / you work ? Did he / she / it work ? Did we / you / they work ?
Uses	Examples	Time expressions
A completed action in the past	<i>Last year, my uncle won the lottery.</i> (O ano pasado o meu tío gañou a lotaría.)	yesterday, last week / year, two days ago, in 2007, in the 1980s, in the 18th century, when, then
A series of completed actions in the past	<i>I asked him a question and he answered quickly.</i> (Fixenlle unha pregunta e contestou decontado.)	

Past Continuous		
FORM		
Affirmative I was running You were running He / She / It was running We / You / They were running	Negative I was not (wasn't) running You were not (weren't) running He / She / It was not (wasn't) running We / You / They were not (weren't) running	Interrogative Was I running ? Were you running ? Was he / she / it running ? Were we / you / they running ?
Uses	Examples	Time expressions
An incomplete action in progress at a specific time in the past	<i>At 10 o'clock last night, he was watching a film.</i> (A pasada noite ás dez, el estaba a ver unha película.)	last night / week / year, at 4 o'clock
An incomplete action interrupted by another action	<i>Sarah was reading a book when I phoned her.</i> (Sarah estaba a ler un libro cando a telefonei.)	when, while, as
Two incomplete actions in progress at the same time in the past	<i>They were talking quietly while the baby was sleeping.</i> (Estaban falando en baixo mentres o bebé durmía.)	

Present Perfect Simple		
FORM		
Affirmative I / You have eaten He / She / It has eaten We / You / They have eaten	Negative I / You have not (haven't) eaten He / She / It has not (hasn't) eaten We / You / They have not (haven't) eaten	Interrogative Have I / you eaten ? Has he / she / it eaten ? Have we / you / they eaten ?
Uses	Examples	Time expressions
An action that began in the past and continues until the present	<i>Peter has worked in this restaurant for two years.</i> (Peter leva a traballar neste restaurante dous anos.)	never, ever, already, just, yet, recently, lately, how long ...?, for, since, in recent years
An action that took place at an undetermined time in the past, but is connected to the present	<i>They have recently released their first album.</i> (Acaban de sacar o seu primeiro álbum recentemente.)	

Past Perfect Simple		
FORM		
Affirmative I / You had fallen He / She / It had fallen We / You / They had fallen	Negative I / You had not (hadn't) fallen He / She / It had not (hadn't) fallen We / You / They had not (hadn't) fallen	Interrogative Had I / you fallen ? Had he / she / it fallen ? Had we / you / they fallen ?
Uses	Examples	Time expressions
A completed action which took place before another action in the past	<i>John had returned from his walk before I arrived.</i> (John tiña volto do seu paseo cando eu cheguei.)	already, by the time, after, before, until, never, just

Future Simple		
FORM		
Affirmative I / You will win He / She / It will win We / You / They will win	Negative I / You will not (won't) win He / She / It will not (won't) win We / You / They will not (won't) win	Interrogative Will I / you win ? Will he / she / it win ? Will we / you / they win ?
Uses	Examples	Time expressions
A prediction	<i>Tomorrow, it will snow in some regions.</i> (Mañá nevará nalgunhas rexións.)	this evening, in an hour, at 2 o'clock, later, tomorrow, next month / year, soon, in a few weeks, in the future, on 1st May
A timetable	<i>Our break will end at 3 o'clock.</i> (O noso descanso rematará ás tres.)	
A spontaneous decision	<i>I feel sleepy. I will go to bed.</i> (Teño sono. Vou á cama.)	

Be going to		
FORM		
Affirmative I am going to eat You are going to eat He / She / It is going to eat We / You / They are going to eat	Negative I am not going to eat You are not (aren't) going to eat He / She / It is not (isn't) going to eat We / You / They are not (aren't) going to eat	Interrogative Am I going to eat ? Are you going to eat ? Is he / she / it going to eat ? Are we / you / they going to eat ?
Uses	Examples	Time expressions
A planned action for the future	<i>Sandy is going to play tennis with her cousin later.</i> (Sandy vai xogar ao tenis co seu curmán máis tarde.)	this evening, later, in an hour, at 4 o'clock, tomorrow, soon, next month / year, in a few weeks, on 8th May
An action that is about to happen	<i>Look! That boy is going to dance in the street!</i> (Olla! Ese rapaz vai bailar na rúa!)	

O Present Continuous con valor de futuro

Anuncia accións fixadas de antemán que ocorrerán nun futuro vindeiro. Adoita reservarse para plans persoais xa concertados.

Non expresa unha intención, como **be going to**, senón algo que foi programado con adianto e que vai ocorrer con

certeza. Distínguese do *Present Continuous* normal porque a expresión temporal que vai na frase indica un tempo futuro e non presente.

She is getting married in July.
(Ela casa / casará en xullo.) [plan concertado]

Future Perfect Simple		
FORM		
Affirmative I / You will have lost He / She / It will have lost We / You / They will have lost	Negative I / You will not (won't) have lost He / She / It will not (won't) have lost We / You / They will not (won't) have lost	Interrogative Will I / you have lost ? Will he / she / it have lost ? Will we / you / they have lost ?
Uses	Examples	Time expressions
A completed action at a certain future time	<i>Fred will have moved from his flat by the end of March.</i> (Fred terase mudado do seu piso para finais de marzo.)	by this time next week, by 3 o'clock, by the end of ..., by then, by August, in four months

Future Continuous		
FORM		
Affirmative I / You will be swimming He / She / It will be swimming We / You / They will be swimming	Negative I / You will not (won't) be swimming He / She / It will not (won't) be swimming We / You / They will not (won't) be swimming	Interrogative Will I / you be swimming ? Will he / she / it be swimming ? Will we / you / they be swimming ?
Uses	Examples	Time expressions
An action in progress at a certain future time	<i>At this time next Monday, they will be taking a train to Paris.</i> (O vindeiro luns a estas horas, estarán collendo un tren a París.)	at this time tomorrow / next ..., on Thursday, in the next decade

UNIT 1 A Way with Words

Present Perfect Simple		
FORM		
Affirmative I / You have eaten He / She / It has eaten We / You / They have eaten	Negative I / You have not (haven't) eaten He / She / It has not (hasn't) eaten We / You / They have not (haven't) eaten	Interrogative Have I / you eaten ? Has he / she / it eaten ? Have we / you / they eaten ?
Uses	Examples	Time expressions
An action that began in the past and continues until the present	<i>She has studied English for three years.</i> (Ela leva a estudar inglés tres anos.)	never, ever, already, just, yet, recently, lately, how long ...?, for, since, in recent years
An action that took place at an undetermined time in the past, but is connected to the present	<i>I have downloaded the document.</i> (Baixei o documento.)	

Forma

Afirmativa: suxeito + **have** / **has** + participio do verbo principal.

Negativa: suxeito + **have** / **has** + **not** (ou **n't**) + participio do verbo principal.

Interrogativa: **Have** / **Has** + suxeito + participio do verbo principal.

Usos

- Falar de accións que comezaron no pasado e aínda continúan. Por iso, ás veces tradúcese o verbo en presente.
- Con accións pasadas cuxos efectos son visíbeis no momento actual.
- Expresar que unha acción vén de ocorrer. Daquela engadimos **just** entre o auxiliar e mais o participio.

She has just joined the gym.
(Ela vén de se apuntar ao ximnasio.)

Never, ever, already e just póñense entre o auxiliar (**have**) e o participio do verbo, mentres que **yet** sempre aparece ao final da frase.

He has never studied a foreign language before.
(El nunca estudou unha lingua estranxeira antes.)

Have you written the essay yet?
(Escribiches xa o traballo?)

En afirmativa empregamos **just, never e already**, en negativa empregamos **yet**, e en interrogativa **already, ever, yet e just**.

I've already apologised to her.
(Xa me desculpei con ela.)

The lesson hasn't started yet.
(A clase non comezou aínda.)

Have you ever found a typo in a book?
(Algunha vez atopaches unha errata nun libro?)

Con **How long ...?** preguntamos canto tempo pasou desde que a acción, que aínda continúa, comezou.

How long have they lived abroad?
(Canto tempo hai que viven no estranxeiro?)

For sinala canto durou a acción e **since** cando comezou.

I have had this disease for two years / since 2010.
(Teño / Tiven esta doenza desde hai dous anos/desde 2010.)

Past Simple / Present Perfect Simple

O *Past Simple* indica o que ocorreu nun momento concreto, mentres que o *Present Perfect Simple* sitúa a acción nun período de tempo.

I raised some questions, but they haven't answered them yet.
(Formulei algunhas preguntas, mais non as responderon aínda.)

Present Perfect Continuous		
FORM		
Affirmative I / You have been sleeping He / She / It has been sleeping We / You / They have been sleeping	Negative I / You have not (haven't) been sleeping He / She / It has not (hasn't) been sleeping We / You / They have not (haven't) been sleeping	Interrogative Have I / you been sleeping ? Has he / she / it been sleeping ? Have we / you / they been sleeping ?
Uses	Examples	Time expressions
An action that started in the past and which still continues in the present	<i>How long have you been staying at the hotel?</i> (Canto tempo levas aloxado no hotel?)	for a year, since 2002, how long ...? all night / morning / day / week
An action whose results are still apparent	<i>I'm tired. I have been reading The Lord of the Rings all night.</i> (Estou canso. Estiven a ler "O Señor dos Aneis" toda a noite.)	

Forma

Afirmativa: suxeito + **have** / **has** + **been** + verbo principal rematado en **-ing**.

Negativa: suxeito + **have** / **has** + **not** (ou **n't**) + **been** + verbo principal rematado en **-ing**.

Interrogativa: **Have** / **Has** + suxeito + **been** + verbo principal rematado en **-ing**.

Usos

- Expresar accións que comezaron no pasado e que aínda continúan. Como o *Present Perfect Continuous* salienta o tempo que está a durar a acción, adoitamos traducilo por “levar” en presente + un verbo en xerundio.

- Expresar accións rematadas mais acabadas de facer cuxos efectos son visíbeis aínda.

As expresións temporais empregadas con este tempo verbal deben sinalar un período, non un intre concreto.

Future Perfect Simple		
FORM		
Affirmative I / You will have lost He / She / It will have lost We / You / They will have lost	Negative I / You will not (won't) have lost He / She / It will not (won't) have lost We / You / They will not (won't) have lost	Interrogative Will I / you have lost ? Will he / she / it have lost ? Will we / you / they have lost ?
Uses	Examples	Time expressions
A completed action at a certain future time	<i>I will have lost six kilos by the end of the year.</i> (Terei perdido seis quilos para finais de ano.)	by this time next week, by 3 o'clock, by the end of ..., by then, by August, in four months

Forma

Afirmativa: suxeito + **will have** + participio do verbo principal.

Negativa: suxeito + **will not** (ou **won't**) **have** + participio do verbo principal.

Interrogativa: **Will** + suxeito + **have** + participio do verbo principal.

Usos

- Indicar que unha acción rematará nun momento concreto do futuro.

Past Perfect Simple		
FORM		
Affirmative I / You had fallen He / She / It had fallen We / You / They had fallen	Negative I / You had not (hadn't) fallen He / She / It had not (hadn't) fallen We / You / They had not (hadn't) fallen	Interrogative Had I / you fallen ? Had he / she / it fallen ? Had we / you / they fallen ?
Uses	Examples	Time expressions
A completed action which took place before another action in the past	<i>By the time I looked, the fox had already gone.</i> (Para cando mirei, o raposo xa fuxira.)	already, by the time, after, before, until, never, just

Forma

Afirmativa: suxeito + **had** + participio do verbo principal.

Negativa: suxeito + **had not** (o **hadn't**) + participio do verbo principal.

Interrogativa: **Had** + suxeito + participio do verbo principal.

Usos

- Indicar que unha acción ocorreu antes que outra, a cal vai en *Past Simple*.

Past Perfect Continuous		
FORM		
Affirmative I / You had been studying He / She / It had been studying We / You / They had been studying	Negative I / You had not (hadn't) been studying He / She / It had not (hadn't) been studying We / You / They had not (hadn't) been studying	Interrogative Had I / you been studying ? Had he / she / it been studying ? Had we / you / they been studying ?
Uses	Examples	Time expressions
An action which continued up to another past action	<i>They had been studying for two hours before we arrived.</i> (Eles estiveran a estudar durante dúas horas antes de que chegáramos.)	for hours, since last April, all morning, when, until, before

Forma

Afirmativa: suxeito + **had** + **been** + verbo principal rematado en **-ing**.

Negativa: suxeito + **had not** (o **hadn't**) + **been** + verbo principal rematado en **-ing**.

Interrogativa: **Had** + suxeito + **been** + verbo principal rematado en **-ing**.

Usos

- Falar dunha acción prolongada que ocorreu no pasado antes que outra acción breve tamén pasada. É moi común traducilo por “levar” en pretérito imperfecto + un verbo en xerundio.

She had been teaching English for 20 years when she retired.
(Levaba vinte anos ensinando inglés cando se xubilou.)

O habitual é que esas dúas accións vaian unidas por unha conxunción, que pode ser temporal como as do cadro (**when**, **until**, **before**), concesiva (**although**) ou causal (**because**).

He had been going to the doctor for weeks before they found out what was wrong with him.
(Levaba semanas indo ao médico antes de que averiguasen que lle ocorría.)

be used to / get used to

Be used to significa “estar afeito/a / acostumado/a a”, mentres que **get used to** se refire ao proceso de afacerse. En ambos os dous casos vai seguido dun nome ou un xerundio detrás de **to**.

Estas dúas estruturas son moi diferentes da forma verbal **used to**, pois nelas **used** non é un verbo, senón un adxectivo.

Os verbos que acompañan a **used** son **be** e mais **get**, os cales poden conxugarse.

I am used to communicating in sign language.
(Estou afeito a me comunicar na lingua de signos.)

She is getting used to her new job.
(Estase afacendo ao seu novo traballo.)

He got used to the accent as soon as he arrived.
(Afixose ao acento en canto chegou.)

We shouldn't get used to living in their house.
(Non deberíamos afacernos a vivir na súa casa.)

used to / would

Empréganse para falar de accións que eran comúns no pasado mais xa non o son. Adoitan acompañarse de adverbios e expresións de tempo.

Every Sunday, he used to watch a film with his brother.
(Cada domingo, adoitaba ver unha película co seu irmán.)

When I lived in the countryside, I would always go everywhere by car.
(Cando vivía no campo, adoitaba ir sempre a todas as partes en coche.)

Used to tamén se emprega para falar de estados e situacións pasadas, e daquela traducimos o verbo principal en pretérito perfecto simple ou en pretérito imperfecto. **Would** non pode empregarse nestes casos.

I used to work in this bank. (Eu traballaba neste banco.)

**I would work in this bank.* [Non é correcto]

Used to non ten forma de presente. En negativa e interrogativa require o auxiliar **did** e en ambos os dous casos perde o **d**.

Did you use to study at the library when you were in college?
(Adoitabas estudar na biblioteca cando estabas na universidade?)

Sufixos para formaren substantivos

Os sufixos son terminacións que engadimos a algunhas palabras para formarmos outras novas.

Algúns dos máis empregados para formarmos substantivos son: **-ment**, **-tion / -sion**, **-ness**, **-ship**, **-ity**, **-ence / -ance** e **-er / -or**. Estes son algúns exemplos:

<i>announce</i> (anunciar)	<i>announcement</i> (anuncio)
<i>punctuate</i> (puntuar)	<i>punctuation</i> (puntuación)
<i>conclude</i> (concluir)	<i>conclusion</i> (conclusión)
<i>happy</i> (feliz)	<i>happiness</i> (felicidade)
<i>champion</i> (campión/oa)	<i>championship</i> (campionato)
<i>personal</i> (persoal)	<i>personality</i> (personalidade)
<i>indifferent</i> (indiferente)	<i>indifference</i> (indiferenza)
<i>annoy</i> (molestar)	<i>annoyance</i> (molestia)
<i>run</i> (correr)	<i>runner</i> (corredor)
<i>sail</i> (navegar)	<i>sailor</i> (mariñeiro/a)

Sufixos para formaren adxectivos

Estes son algúns dos sufixos que se unen a substantivos e verbos para formaren adxectivos: **-able / -ible**, **-al**, **-ful**, **-less**, **-ive**, **-ous** e **-ate**.

<i>value</i> (valor)	<i>valuable</i> (valioso/a)
<i>contempt</i> (desprezo)	<i>contemptible</i> (desprezável)
<i>comic</i> (cómic)	<i>comical</i> (cómico/a)
<i>truth</i> (verdade)	<i>truthful</i> (veraz)
<i>pain</i> (dor)	<i>painless</i> (indoloro/a)
<i>attract</i> (atraer)	<i>attractive</i> (atractivo/a)
<i>mystery</i> (misterio)	<i>mysterious</i> (misterioso/a)
<i>consider</i> (considerar)	<i>considerate</i> (considerado/a)

Con algúns substantivos poden empregarse varios destes sufixos:

careful – careless harmful – harmless

En cambio, outros só admiten un:

*homeless – *homeful *peaceless – peaceful*

Outros sufixos que, engadidos a verbos, forman adxectivos son **-ed** e **-ing**.

<i>bore</i> (aborrecer)	<i>bored</i> ([estar] aborrecido/a)
	<i>boring</i> ([ser] aborrecido/a)

Cando o adxectivo remata en **-ed** significa que a persoa ou cousa á que se refire experimenta ou sofre un efecto concreto, e cando remata en **-ing** significa que a persoa ou cousa á que se refire causa o devandito efecto.

I'm bored when I go out with Sam because he is boring.
(Aborrezco saír con Sam pois é aborrecido.)

UNIT 2 Advert Alert

O estilo indirecto		
Tense	Direct Speech	Reported Speech
Present Simple	<i>"He stays at a hotel," she said.</i>	<i>She said that he stayed at a hotel.</i>
Present Continuous	<i>"He is staying at a hotel," she said.</i>	<i>She said that he was staying at a hotel.</i>
Past Simple	<i>"He stayed at a hotel," she said.</i>	<i>She said that he had stayed at a hotel.</i>
Past Continuous	<i>"He was staying at a hotel," she said.</i>	<i>She said that he had been staying at a hotel.</i>
Present Perfect Simple	<i>"He has stayed at a hotel," she said.</i>	<i>She said that he had stayed at a hotel.</i>
Present Perfect Continuous	<i>"He has been staying at a hotel," she said.</i>	<i>She said that he had been staying at a hotel.</i>
Past Perfect Simple	<i>"He had stayed at a hotel," she said.</i>	<i>She said that he had stayed at a hotel.</i>
Past Perfect Continuous	<i>"He had been staying at a hotel," she said.</i>	<i>She said that he had been staying at a hotel.</i>
Future Simple	<i>"He will stay at a hotel," she said.</i>	<i>She said that he would stay at a hotel.</i>

Cambios nos modais	
Direct Speech	Reported Speech
can	could
may	might
must / have to	must / had to
will	would

Cambios noutras palabras e expresións	
Direct Speech	Reported Speech
now	then
today	that day
tonight	that night
yesterday	the previous day / the day before
last week	the previous week / the week before
a month ago	the previous month / the month before
tomorrow	the following day / the day after / the next day
next week	the following week / the week after
here	there
this	that
these	those

O **estilo indirecto** emprégase para contarmos o que alguén dixo sen citar exactamente as súas palabras.

Reported statements

Podemos contar en presente o que alguén vén de dicir, para o cal abonda con suprimir as comiñas e cambiar o pronome suxeito e a persoa do verbo.

"She is hungry."

He says that she is hungry.
(El di que ela ten fame.)

Mais o normal é que o verbo que introduce a subordinada en estilo indirecto (polo xeral **say** ou **tell**) vaia en pasado e, daquela, a mudanza máis importante é que o verbo da subordinada dá un salto atrás (de *Present Simple* a *Past Simple*, deste a *Past Perfect Simple*, etc.).

Ademais de suprimir as comiñas e cambiar os tempos verbais, tamén cómpre que fagamos algúns cambios nos pronomes e nas expresións de tempo e lugar.

A oración subordinada vai introducida pola conxunción **that**, malia que en inglés falado se adoita omitir.

"I'll buy this car today," Martha said.

Martha said (that) she would buy that car that day.
(Martha dixo que mercaría ese coche aquel día.)

Cando a frase enuncia unha verdade xeral non hai cambio nos tempos verbais.

"Major problems are hard to solve," she said.

She said that major problems are hard to solve.
(Dixo que os problemas serios son difíciles de solucionar.)

Como xa sabes, os verbos máis comúns para introducir o estilo indirecto son **say** e **tell**. **Tell** sempre leva un obxecto indirecto sen a preposición **to**. **Say** pode levar obxecto indirecto ou non, mais de levalo cómpre que vaia con esa preposición.

"The price of advertising has increased," he said.

He told us that the price of advertising had increased.
He said that the price of advertising had increased.
He said to us that the price of advertising had increased.
(El díxonos que o prezo da publicidade aumentara.)

Reported questions

Hai dous tipos de preguntas en inglés:

- As **Yes / No questions** son as que se poden contestar cun “si” ou un “non”. Para poñelas en estilo indirecto emprégase o verbo **ask**, e a continuación **if** ou **whether**. Daquela, como a pregunta deixa de selo e se converte nunha afirmativa, non hai inversión do suxeito-verbo nin sinal de interrogación, e tampouco comiñas.

“Do you owe him money?” Paul asked her.

Paul asked if / whether she owed him money.
(Paul preguntou se ela lle debía cartos [a el].)

- As **Wh- questions** non se poden contestar cun “si” ou un “non”. Son as que comezan cunha partícula interrogativa (**what, who, where, when, why, whose, how, how long**, etc.). Ao pasalas ao estilo indirecto poñemos a devandita partícula no canto de **if** ou **whether**. Logo van o suxeito e mais o verbo, e prescínlese do sinal de interrogación e das comiñas.

“What is the budget for this project?” Anne asked.

Anne asked what the budget for that project was.
(Anne preguntou cal era o orzamento para ese proxecto.)

Reported orders / requests

Para pasarmos unha orde a estilo indirecto cómpre cambiar o imperativo polo infinitivo. Mais antes do infinitivo emprégase un verbo que exprese mandato, como **tell** ou **order**, seguido do obxecto indirecto. Hai outros verbos que seguen esta estrutura malia non expresaren unha orde: **ask** ou **beg** para expresarmos pedimentos, ou **warn** para advertirmos a alguén dalgunha cousa.

“Be careful with the new bike.”

My mother warned me to be careful with the new bike.
(Miña nai advertíume que tivese coidado coa bici nova.)

Ao se tratar dunha oración negativa, ponse **not** diante de **to**.

“Don’t be so childish, please.”

My father asked me not to be so childish.
(Meu pai pedíume que non fose tan infantil.)

Reported suggestions

Primeiro ponse o suxeito e mais o verbo **suggest** ou **recommend** en pasado e, a seguir, dicimos o que suxeriu esa persoa. Tamén se poden empregar **advise** para darnos consello e **invite** para facermos unha invitación. As suxestións pódense pasar ao estilo indirecto de dúas formas:

- Empregando unha oración de obxecto directo introducida por **that**, co seu suxeito e mais o verbo na forma base.

“Let’s watch the new advert,” Sarah suggested.

Sarah suggested that we watch the new advert.
(Sarah suxeriu que viramos o anuncio novo.)

- Empregando o xerundio, sen especificar ningún suxeito.

“Turn left at the next intersection,” he recommended.

He recommended turning left at the next intersection.
(El recomendou xirar á esquerda no próximo cruzamento.)

Reporting verbs

Os verbos máis empregados para introducir o estilo indirecto son **say**, **tell** e **ask**, que transmiten a mensaxe sen engadir máis información. Mais se tamén queremos comunicar a intención do falante ou o ton que usou, podemos empregar outros moitos **reporting verbs**:

- Afirmacións: **admit, announce, answer, apologise, boast, claim, complain, declare, explain, inform, insist, mention, offer, remind, reply, state**
- Preguntas: **enquire, request, want to know, wonder**
- Ordes: **demand, order, shout, warn**
- Rogos: **beg**
- Suxestións: **advise, invite, recommend, suggest**

“I broke Sue’s iPod.”

He admitted that he had broken Sue’s iPod.
(Admitiu que rompera o iPod de Sue.)

“Have you heard the good news?” Mary asked.

Mary wanted to know if I had heard the good news.
(Mary quixo saber se eu oíra a boa nova.)

“Be quiet!” the teacher said.

The teacher ordered us to be quiet.
(A profesora ordenounos que estiveramos calados.)

“Please, don’t go away,” the girl said.

The girl begged me not to go away.
(A nena rogoume que non marchara.)

UNIT 3 Face the Music

A voz pasiva		
Tense	Active	Passive
Present Simple	<i>Lady Gaga signs many autographs.</i>	<i>Many autographs are signed by Lady Gaga.</i>
Present Continuous	<i>Lady Gaga is signing many autographs.</i>	<i>Many autographs are being signed by Lady Gaga.</i>
Past Simple	<i>Lady Gaga signed many autographs.</i>	<i>Many autographs were signed by Lady Gaga.</i>
Past Continuous	<i>Lady Gaga was signing many autographs.</i>	<i>Many autographs were being signed by Lady Gaga.</i>
Present Perfect Simple	<i>Lady Gaga has signed many autographs.</i>	<i>Many autographs have been signed by Lady Gaga.</i>
Past Perfect Simple	<i>Lady Gaga had signed many autographs.</i>	<i>Many autographs had been signed by Lady Gaga.</i>
Future Simple	<i>Lady Gaga will sign many autographs.</i>	<i>Many autographs will be signed by Lady Gaga.</i>
Modals	<i>Lady Gaga should sign many autographs.</i>	<i>Many autographs should be signed by Lady Gaga.</i>
Modal Perfects	<i>Lady Gaga must have signed many autographs.</i>	<i>Many autographs must have been signed by Lady Gaga.</i>
have to	<i>Lady Gaga has to sign many autographs.</i>	<i>Many autographs have to be signed by Lady Gaga.</i>
be going to	<i>Lady Gaga is going to sign many autographs.</i>	<i>Many autographs are going to be signed by Lady Gaga.</i>

Forma

Afirmativa: suxeito + verbo **to be** + participio do verbo principal.

Many artists are worshipped by their fans.
(Moitos artistas son idolatrados polos seus fans.)

Negativa: suxeito + verbo **to be** + **not** (ou **n't**) + participio do verbo principal. Se a frase leva un modal, un verbo en *Future Simple* ou un tempo composto, o que negamos é o modal, **will** ou **have** / **has**.

The Irish singer wasn't awarded the Grammy.
(O cantante irlandés non foi premiado co Grammy.)

Interrogativa: **to be** + suxeito + participio do verbo principal. Se na pregunta hai un modal, un verbo en *Future Simple* ou un tempo composto, a frase pasiva comeza co modal ou o auxiliar, o mesmo que na voz activa.

Can the concert be called off because of the rain?
(Pode ser cancelado / cancelarse o concerto por mor da chuva?)

Como pasarmos unha oración a pasiva

Antes de sabermos cales son os pasos que cómpre seguir para pasarmos unha oración de activa a pasiva, é importante lembrar que a pasiva é máis frecuente en inglés que en galego, polo que se adoita traducir o verbo en activa ou na forma impersonal.

- Ponse como suxeito o obxecto que haxa detrás do verbo en activa, ben sexa directo ou indirecto.

The audience cheered the band.
The band was cheered by the audience.
(O grupo foi aclamado polo público.)

Cando hai dous obxectos, existen dúas maneiras de formarmos a voz pasiva, malia que o máis frecuente en inglés sexa pór o obxecto indirecto como suxeito.

Algúns verbos que levan dous obxectos son: **offer**, **give**, **tell**, **show**, **send**, **lend** e **pay**.

They had offered two front-row seats to the couple.
The couple had been offered two front-row seats.
Two front-row seats had been offered to the couple.
(Ofrecéranlle á parella dous asentos en primeira fila.)

Se o obxecto indirecto é un pronome obxecto, cámbiase á forma de pronome suxeito.

The paparazzi will photograph us at the concert.
We will be photographed at the concert by the paparazzi.
(Seremos fotografados no concerto polos paparazis.)

- Ponse o verbo **to be** no mesmo tempo que tiña o verbo principal na voz activa, e o verbo principal en participio.

They gave an award to the young actor.
The young actor was given an award.
(Déronlle un premio ao actor mozo.)

Os modais e **be going to** non cambian, pois é o verbo que os segue o que se pon en pasiva.

The crowd shouldn't have booed the singer.
The singer shouldn't have been booed by the crowd.
(O cantante non debería ser apupado polo público.)
The organisers are going to change the venue of the concert.
The venue of the concert is going to be changed by the organisers.
(O escenario do concerto vai ser cambiado polos organizadores.)

- Colócase o suxeito da activa ao final, precedido de **by**. Cómpre cambialo polo seu correspondente pronome obxecto se é un persoal.

My sister designed the costume for the party.
The costume for the party was designed by my sister.
(O traxe para a festa foi deseñado pola miña irmá.)

Usos

- Sinalar que a acción é máis importante que o suxeito que a realiza, ben porque é pouco relevante, descoñecido ou porque non se quere nomear. Ademais, deste xeito evítase unha frase activa cuxo suxeito sería **somebody, nobody, etc.**

Nobody could see her performance on the Internet.

Her performance couldn't be seen on the Internet.

(A súa actuación non se puido ver en Internet.)

Os verbos causativos:

have / get + something + done

A estrutura **have / get** + obxecto directo + participio do verbo principal expresa accións que encargamos a alguén.

I had / got my guitar repaired.

(Fixen que me arranxaran / Arranxáronme a guitarra.)

Esta estrutura pódese empregar coa maioría dos tempos verbais.

Lisa had the photograph signed by the singer.

(Lisa fixo que o cantante lle asinase unha fotografía.)

I have to get my car washed tomorrow.

(Teño que lavar / facer que me laven o coche mañá.)

A estrutura ten un sentido pasivo, pois o obxecto directo que vai en medio recibe a acción do verbo que vai en participio.

Mais adóitase traducir na voz activa.

Many artists have their songs written by other musicians.

(A moitos artistas escribenlles as cancións outros músicos.)

My friend had her wedding dress made by a designer.

(Un deseñador fíxolle o vestido de voda á miña amiga.)

He is going to get the shoes delivered next week.

(Vanlles entregar os zapatos a semana que vén.)

Aínda que ambos os dous se empregan indistintamente, **get** é máis informal e común no inglés falado.

I got my hair cut yesterday.

(Cortei o pelo onte.)

Phrasal Verbs

Son verbos seguidos de unha ou dúas partículas (preposicións, adverbios ou unha combinación de ambos os dous) cun significado distinto do que cada palabra ten por separado.

Poden ser transitivos ou intransitivos.

Many people look up to celebrities.

(Moitas persoas admiran os famosos.)

My brother is always showing off in front of the girls.

(Meu irmán está sempre a brasonar diante das rapazas.)

A maioría dos transitivos permiten intercalar o obxecto directo entre o verbo e a partícula: se é un substantivo pode ir en medio ou non, mais se é pronome debe colocarse entre ambos os dous:

Could you pick up my mother at the station?

Could you pick my mother up at the station?

(Poderías ir buscar á miña nai á estación?)

Could you pick her up at the station?

(Poderías ir buscala á estación?)

Porén, algúns transitivos, todos os intransitivos e os formados por dúas partículas son inseparables.

Get into the car. It's snowing.

(Sube ao / Métete no coche. Está a nevar.)

Algúns verbos poden se combinar con diferentes partículas para formaren distintos **phrasal verbs**.

talk back (contestar mal, retrucar)

talk over (rifar / falar (sobre))

talk down to (falar con aires de superioridade a)

Ademais moitos **phrasal verbs** teñen máis de un significado:

fit in (encaixar; atopar tempo para)

put on (montar, (re)presentar; poñer (roupa))

break up (esnaquizar; romper (unha relación), separarse)

take off (despegar; comezar a ter éxito)

Reparade na listaxe de **phrasal verbs** na páxina 27 para ver máis casos.

Verbos seguidos de preposición

Hai moitos verbos en inglés que sempre van canda a mesma preposición.

I'm thinking about what songs to play for the concert.

(Estou a pensar que cancións tocar para o concerto.)

Algúns deles poden levar diferentes preposicións detrás, e daquela adoita variar o seu significado.

arrive at (chegar a (lugar))

arrive in (chegar a (cidade ou país))

talk about (falar de / sobre (algo))

talk with / to (falar con (alguén))

think about (opinar (sobre), parecer/semellar; pensar en)

think of (pensar en)

A continuación podes ver algúns exemplos:

He has already arrived at the Hard Rock Café.

(Xa chegou ao Hard Rock Café.)

The prestigious singer arrived in Paris yesterday.

(O prestixioso cantante chegou a París onte.)

We were talking about the scandal.

(Estabamos a falar do / sobre o escándalo.)

The manager talked to the celebrities.

(O mánager falou cos famosos.)

Repara na listaxe de verbos con preposición que hai na páxina 28 para ver máis casos.

UNIT 4 Think Green

As oracións condicionais		
Conditional clause	Result clause	Examples
ZERO CONDITIONAL		
if + Present Simple	Present Simple imperative modal + base form	If you recycle materials, you help the environment. (Se reciclas os materiais, axudas ao medio natural.)
		Call me immediately if you have a problem. (Chámame decontado se tes algún problema.)
		If you don't speak clearly, people can misunderstand you. (Se non falas con claridade, a xente pode malinterpretarte.)
FIRST CONDITIONAL		
